

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**15394** *Real decreto 1051/2020, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

A dispersión normativa que regulaba os procesos de selección para o ingreso nas Forzas Armadas, as modificacións de ampla relevancia no ámbito do ensino e a obrigada adaptación de todos estes aspectos ao contido dunha das normas básicas das Forzas Armadas, así como a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, estiveron na orixe da necesaria redacción dun novo regulamento que recolla os requisitos xerais e específicos, de ser o caso, exixidos para o acceso dos aspirantes ás Forzas Armadas e estableza unha ordenación de todo o ensino de formación para o seu persoal.

Este regulamento foi aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

Máis de dez anos despois da súa publicación, a súa utilidade e eficacia quedaron demostradas de forma fidedigna nos dous eidos que esta norma abarcaba á selección de candidatos e ao ensino de formación dos profesionais das Forzas Armadas, ambos dedicados á xestión dos recursos humanos. Non obstante, a dinámica do cambio que se produciu nos últimos anos na sociedade española, á cal se deben e de onde proceden estes profesionais, así como a experiencia acumulada polo novo modelo de ensino de formación, deron lugar a novos aspectos que deben ser tidos en consideración.

Entre eles, convén reconsiderar algúns requisitos específicos que cómpre exixirilles aos aspirantes para o ingreso nos centros docentes militares de formación, e desenvolver novos procedementos de aprobación dos diferentes currículos do ensino de formación, así como aspectos da formación militar xeral, específica e, de ser o caso, técnica.

En consecuencia, valorouse a idea de separar estas dúas áreas da xestión dos recursos humanos, que en realidade son moi distintas, e regular mediante dúas normas diferentes, por un lado, todos os factores intrínsecos a unha adecuada selección e promoción destes dentro das Forzas Armadas e, por outro, a formación dos efectivos militares. De aí que se regule, mediante este real decreto, o proceso de nova ordenación do ensino de formación.

O propósito do regulamento que agora se aproba é, por tanto, dotar a Administración militar dunhas Forzas Armadas modernas e altamente cualificadas, cuxo persoal, unha vez superada a correspondente selección, poida ser quen de cursar con garantías o ensino de formación para a súa posterior integración ou adscrición a un determinado corpo, escala e especialidade, así como de desempeñar con éxito as tarefas profesionais que se lles poidan encomendar, ao longo dunha traxectoria mellor aproveitada para os fins das Forzas Armadas.

Por outro lado, en virtude do disposto no artigo 43.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, a finalidade do ensino das Forzas Armadas é proporcionarlles aos seus membros a formación requirida para o exercicio profesional nas diversas escalas e especialidades, co obxecto de atender as necesidades derivadas da organización e preparación das unidades e do seu emprego nas operacións. Está integrada no sistema educativo xeral e, en consecuencia, inspírase nos principios e oriéntase á consecución dos fins do dito sistema establecidos no ordenamento xurídico, coas adaptacións debidas á condición militar.

Este real decreto, que constitúe un desenvolvemento do título IV da Lei 39/2007, do 19 de novembro, recolle a ordenación de todo o ensino de formación nas Forzas Armadas e establece as normas para a aprobación dos currículos do ensino de formación.

Nel incídese con maior detalle naquelas ensinanzas que integran varios plans de estudos, como son o de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental e o correspondente a titulacións do sistema educativo xeral, integrando ambas ensinanzas nun currículo único que determine o número máximo de créditos, a súa duración e distribución da carga de traballo que debe afrontar o alumnado.

Así mesmo, ordénanse as ensinanzas que comprenden un currículo cun único plan de estudos, é dicir, as que posibilitan o acceso aos corpos de intendencia e enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, aos corpos comúns das Forzas Armadas (excepto á escala de oficiais do corpo militar de Sanidade, especialidade fundamental Medicina, mediante as formas de ingreso directo e promoción, sen existencia previa de titulación universitaria), á militar de tropa e mariñeiría, así como a militar de complemento.

Tamén, e para completar o desenvolvemento regulamentario da Lei 39/2007, do 19 de novembro, no que concirne ao ensino de formación, se dá cumprimento ao preceptuado no seu artigo 70.2, establecéndose o sistema para integrar nunha única clasificación final os que de diversas procedencias se incorporen ou adscriban a unha escala no primeiro emprego.

Igualmente, tamén se dá cumprimento ao previsto no artigo 50.1 da dita lei, no sentido de que o Goberno determine os centros docentes militares de formación de oficiais, nos cales se encadrará o alumnado a que se impartirán as ensinanzas de formación militar para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais, e desde os cales se xestionará o seu réxime de vida.

Do mesmo modo, é destacable o esforzo que fai o proxecto por impulsar o ensino non presencial que coaduxa, sen dúbida, á flexibilidade con que é necesario contar para impulsar tanto a promoción interna como a adquisición dos títulos de formación profesional de grao medio por parte dos militares de tropa e mariñeiría.

Tamén, en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes, se ten en conta, en canto se refire ao ensino de formación, o artigo 6.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e o disposto no Real decreto 293/2009, do 6 de marzo, polo que se aproban as medidas de protección da maternidade no ámbito do ensino nas Forzas Armadas, incorporando accións encamiñadas a impedir que a alumna do ensino de formación experimente calquera situación de desvantaxe orixinada por efectos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto.

Finalmente, existe unha harmonía entre este proxecto e as medidas propostas no informe da Subcomisión para o estudo do réxime profesional dos militares de tropa e mariñeiría das Forzas Armadas, aprobado mediante o Ditame da Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados o 27 de setembro de 2018.

Durante a súa tramitación, o proxecto deste real decreto someteuse a informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, someteuse a informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Así mesmo, cabe mencionar que este real decreto se axusta aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que se trata dun instrumento necesario e adecuado para servir o interese xeral e a efectiva execución das políticas públicas do Goberno nas materias responsabilidade do Ministerio e para reforzar a cooperación entre as administracións educativas. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa para crear un novo marco orgánico deste departamento ministerial. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a norma adecúase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico e dela non derivan novas cargas administrativas, o que

permite unha xestión eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través do trámite de audiencia e información pública e quedan xustificadas os obxectivos que persegue o real decreto.

Na súa tramitación cumpríronse os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do daquela ministro de Política Territorial e Función Pública, por suplencia, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación en virtude do Real decreto 351/2019, do 20 de maio, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Apróbase o Regulamento de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Centros docentes militares de formación de oficiais.*

1. Os centros docentes militares de formación do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire en que se cursan as ensinanzas de formación para incorporarse ás escalas de oficiais son os que a continuación se relacionan:

- a) Exército de Terra: Academia Xeral Militar.
- b) Armada: Escola Naval Militar.
- c) Exército do Aire: Academia Xeral do Aire.

2. No Exército de Terra, o ensino de formación que complete a recibida no centro correspondente dos indicados no número 1 impartirase nos centros que se indican a continuación, que deberán coordinar as súas actuacións no ámbito do ensino e da investigación:

- a) Academia de Infantaría.
- b) Academia de Cabalaría.
- c) Academia de Artillaría.
- d) Academia de Enxeñeiros.
- e) Academia de Aviación do Exército de Terra.

3. No Exército do Aire, o ensino de formación que complete a recibida no centro correspondente dos indicados no número 1 impartirase nos centros que se indican a continuación, que deberán coordinar as súas actuacións no ámbito do ensino e da investigación:

- a) Escola Militar de Caza e Ataque (ala 23).
- b) Grupo de escolas de Matacán.
- c) Escola Militar de Helicópteros (ala 78).
- d) Escola de Técnicas de Mando, Control e Telecomunicacións.
- e) Escola de Técnicas de Seguridade, Defensa e Apoio.
- f) Escola Militar de Paracaidismo «Méndez Parada».

4. A formación militar para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña poderase completar noutros centros que determine o Ministerio de Defensa.

5. A formación técnica para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, así como a formación

militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental que complete a recibida no centro correspondente dos indicados no número 1, impartirase nos centros que se indican a continuación, que deberán coordinar as súas actuacións no ámbito do ensino e da investigación:

- a) Exército de Terra: Escola Politécnica Superior do Exército de Terra.
- b) Armada: Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Armas Navais.
- c) Exército do Aire: Escola de Técnicas Aeronáuticas.

6. A formación técnica para incorporarse á escala de oficiais do corpo de intendencia do Exército do Aire, así como a formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental que complete a recibida no centro correspondente dos indicados no número 1, impartirase na Escola de Técnicas Aeronáuticas, que deberá coordinar as súas actuacións no ámbito do ensino e da investigación.

7. A formación técnica para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas, así como a formación militar xeral e específica que complete a que se reciba nas tres academias mencionadas no número 1, impartirase na Academia Central da Defensa.

Disposición adicional segunda. *Apoio á promoción profesional.*

O Ministerio de Defensa promoverá a colaboración con universidades e centros educativos que proporcionen titulacións do sistema educativo xeral, en especial con aquelas universidades coas cales se establezan adscricións ou convenios e coa Universidade Nacional de Educación a Distancia, para lles facilitar aos militares profesionais a obtención das titulacións requiridas para ingresar, por promoción, noutras escalas.

Disposición adicional terceira. *Garda Civil.*

A Garda Civil rexerase polo establecido na Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil; polo Real decreto 131/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de ordenación do ensino na Garda Civil, e polo Real decreto 1959/2009, do 18 de decembro, polo que se crea o Centro Universitario da Garda Civil, así como polo resto da súa normativa específica que resulte de aplicación.

Disposición adicional cuarta. *Protección á maternidade.*

No que se refire a este real decreto e respecto á igualdade efectiva de mulleres e homes e conforme o establecido polo artigo 6.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, co obxecto de evitar que unha alumna experimente calquera situación de desvantaxe orixinada por efectos derivados da súa situación de embarazo, parto ou posparto, este real decreto atense ao establecido no Real decreto 293/2009, do 6 de marzo, polo que se aproban as medidas de protección á maternidade no ámbito do ensino nas Forzas Armadas.

Disposición adicional quinta. *Declaración de razón de interese público.*

Para posibilitar que os centros universitarios da defensa, creados mediante o Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa, dispoñan nos seus cadros de persoal do suficiente persoal docente e investigador que garanta a calidade do ensino que se vai impartir, de acordo cos parámetros e criterios adoptados no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior, e para permitir que os catedráticos e os profesores titulares, contratados doutores e axudantes doutores das universidades públicas españolas poidan desenvolver tamén a súa actividade docente nestes centros, decláranse de interese público os postos de doutor dos cadros de persoal dos centros universitarios da defensa, para os efectos previstos no

artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados os artigos do 20 ao 31, ambos incluídos, do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

2. Así mesmo, quedan derogadas aquelas disposicións de igual ou inferior rango no que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre Defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase a ministra de Defensa para aprobar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Defensa,  
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ

**REGULAMENTO DE ORDENACIÓN DO ENSINO DE FORMACIÓN NAS FORZAS ARMADAS**

## CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento é establecer os criterios de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste regulamento será de aplicación ao alumnado, profesorado, centros e demais órganos implicados no ensino de formación nas Forzas Armadas.

Para a formación dos reservistas observarase o disposto no seu regulamento específico, que regula a figura e a formación dos reservistas das Forzas Armadas.

Artigo 3. *Definicións.*

No ámbito deste real decreto, entenderase por:

- a) Alumno do ensino de formación: quen ingresa nos centros docentes militares conforme os procesos de selección establecidos e recibe o correspondente nomeamento.
- b) Capacidade: interpretación e entendemento dun coñecemento aplicado a un contexto de realidade.
- c) Carga de traballo: o tempo real que o alumnado dedica á aprendizaxe para lograr os obxectivos do plan de estudos. Mídese en horas ou polo Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos (ECTS). Intégranse as ensinanzas presenciais (teóricas e prácticas), así como outras actividades que o estudante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos (non presenciais). Tamén se inclúe o tempo dedicado ás horas de estudo, titorías, seminarios, traballos, prácticas ou proxectos, así como o exixido para a preparación e realización de exames e avaliacións.
- d) Centro docente militar de formación: aquel onde se imparte o ensino de formación, entre outras ensinanzas.
- e) Competencias: facultades que debe adquirir o alumno, demostradas no emprego do coñecemento, das capacidades e das destrezas ou habilidades necesarias para a súa aplicación no campo de actividade en que desempeñará as súas funcións, fundamentalmente as correspondentes ao primeiro emprego da escala a que accederá. As competencias, que deben ser avaliábeis, agrúpanse en xerais e específicas.
- f) Coñecemento: información asimilada no proceso de aprendizaxe.
- g) Currículo: conxunto de obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía da aprendizaxe e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas neste real decreto. Pode agrupar un ou máis plans de estudos.
- h) Curso académico: é o curso tradicional que se inicia no mes de setembro e finaliza no seguinte mes de xullo.
- i) Destreza ou habilidade: aplicación do coñecemento para transformar unha realidade específica.
- j) Instrución e adestramento: conxunto de actividades e exercicios de carácter eminentemente práctico conducentes a completar a formación militar relacionada con cada corpo, escala e especialidade; tamén poderá incluír un período de orientación e adaptación á vida militar e actividades do sistema educativo xeral.
- k) Módulo: conxunto de contidos temáticos relativos a un ámbito de coñecemento determinado.
- l) Plan de estudos: conxunto organizado de ensinanzas, de estrutura modular, que se aplica a determinadas ensinanzas impartidas por un centro de estudos, que deberá conter

os logros, as competencias e os coñecementos que o alumnado debe acadar en cada área e grao, os contidos, temas e problemas de cada área, a metodoloxía que se aplicará en cada área e os indicadores de desempeño e metas de calidade. Estrutúrase en módulos e pódese referir á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental e, de ser o caso, técnica e ás titulacións do sistema educativo xeral.

m) Profesor do ensino de formación: aquel que, logo de recoñecemento da competencia e das calidades exixidas para o seu nomeamento, desenvolva funcións docentes nun centro docente militar de formación ou centro universitario da defensa.

## CAPÍTULO II

### Ordenación do ensino de formación

#### *Sección 1.ª Xeneralidades*

##### Artigo 4. *Finalidade.*

A finalidade do ensino de formación é proporcionar a preparación e capacitación para o exercicio profesional e a incorporación ou adscrición aos diferentes corpos, escalas e a obtención de especialidades.

##### Artigo 5. *Obxectivo.*

1. O ensino de formación para a incorporación ou adscrición ás diferentes escalas ten como obxectivo conseguir que o alumnado adquira as competencias e os perfís necesarios para o exercicio profesional no primeiro emprego.

2. Cando se exixan títulos universitarios ou de formación profesional do sistema educativo xeral, para o ingreso nos centros docentes militares de formación para cursar as ensinanzas que permitan a incorporación ás escalas de oficiais e de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, estes servirán para satisfacer os requisitos de titulación que establece o artigo 59 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

##### Artigo 6. *Principios do ensino de formación.*

O ensino de formación rexerase polos seguintes principios:

1. Conformer un ensino orientado á aprendizaxe do alumnado e asentado nun continuo proceso de titoría e seguimento, co fin de acadar os obxectivos propostos.

2. Garantir unha formación sustentada na transmisión de valores e na adquisición de coñecementos, capacidades e destrezas, de tal maneira que favoreza un liderado baseado no prestixio adquirido co exemplo, a preparación e a decisión para a resolución de problemas.

3. Xerar unha disposición motivadora de futuras aprendizaxes e capaz de adaptarse aos cambios que se experimenten tanto no ámbito social como no profesional.

4. Asegurar o coñecemento das misións das Forzas Armadas definidas na Constitución e na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, así como o coñecemento do conxunto de deberes e dereitos reflectidos na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas.

5. Consegue unha formación axustada aos obxectivos perseguidos, mediante un proceso continuo de validación da calidade do sistema de ensino, recoñecendo o labor que realiza o profesorado e apoiando a súa tarefa.

6. Garantir a completa formación humana e o pleno desenvolvemento da personalidade.

7. Ofrecer unha formación fundamentada no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na protección do ambiente, na non discriminación das persoas por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, no respecto á xustiza, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

8. Fomentar os principios e valores constitucionais, tendo en conta a pluralidade cultural de España.

9. Facilitar a obtención de títulos do sistema educativo xeral.

10. Promover o uso das novas tecnoloxías para mellorar o ensino de formación, utilizando as capacidades e posibilidades que proporciona o ensino virtual como complemento e apoio á formación presencial.

#### Artigo 7. *Unidade de medida da carga de traballo.*

1. Nos plans de estudos da formación militar xeral, específica e, de ser o caso, técnica, así como para a adquisición da especialidade fundamental, para incorporarse ou adscribirse ás diferentes escalas empregaranse como unidades de medida as seguintes:

a) Ensino de oficiais: empregaranse o Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos (ECTS), que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos. Integra as ensinanzas teóricas e prácticas, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo que o alumnado debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan de estudos. O número de horas por crédito será de 25.

b) Ensino de suboficiais e de tropa e mariñeira: empregaranse a hora, nos mesmos termos que se emprega para os módulos profesionais e que recolle o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo; no caso dos suboficiais, especificarase tamén o número de créditos ECTS de cada un dos módulos dos ciclos formativos de grao superior para facilitar a súa validación con estudos universitarios.

2. O tempo dedicado á instrución e ao adestramento valorarase en horas, días e semanas.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Oficiais*

#### Artigo 8. *Corpos xerais e de Infantaría de Mariña.*

1. O ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) Ingreso sen título previo de graduado: comprenderá a formación militar xeral, específica e, de ser o caso, técnica ou para a adquisición da especialidade fundamental que, en función da procedencia e tendo en conta a experiencia profesional militar, as titulacións e validacións que sexan de aplicación, se integrarán nun currículo único que se distribuirá nun máximo de cinco cursos académicos. Nela estarán comprendidos os plans de estudos correspondentes ás titulacións de grao do sistema educativo xeral, que proporcionan parte das competencias xerais e específicas requiridas para incorporarse ás escalas de oficiais correspondentes.

b) Ingreso con título previo de graduado: comprenderá a formación militar xeral, específica e a formación técnica ou para a adquisición da especialidade fundamental que, en función da procedencia e tendo en conta a experiencia profesional militar, as titulacións e validacións que sexan de aplicación, se integrarán nun currículo único que se distribuirá nun máximo de dous cursos académicos.

2. O número máximo de créditos consecuencia da integración, nun currículo único, dos plans de estudos requiridos para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, ingresando sen título oficial de graduado previo, será de 380 ECTS. Cando se exixan requisitos de titulación previa para o ingreso, o plan de estudos de formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental non poderá superar os 152 ECTS.



3. As ensinanzas conducentes á obtención dos títulos oficiais de grao impartiranse nos centros universitarios da defensa creados mediante o Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa, e determinaranse en función das necesidades da defensa nacional e das exixencias do exercicio profesional nas Forzas Armadas.

4. Os títulos oficiais de grao que se acorden no marco do convenio de adscrición con universidades públicas proporcionarán parte das competencias requiridas para incorporarse ás escalas de oficiais correspondentes.

Os títulos universitarios que se poidan exixir para ingresar con titulación previa deberán proporcionar un número suficiente de competencias que posibilite a adquisición do resto de competencias requiridas para a incorporación ás escalas de oficiais correspondentes, tras a superación dun currículo único dunha duración máxima de dous cursos.

Estes títulos elixiranse entre aqueles de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, inscritos na sección de títulos do Real decreto 1509/2008, do 12 de setembro, polo que se regula o Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

#### Artigo 9. *Corpos de intendencia e enxeñeiros.*

O ensino de formación para incorporarse ás diferentes escalas de oficiais dos corpos de intendencia e de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire requirirá a superación dun plan de estudos de formación militar xeral, específica, técnica e de especialidade fundamental que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. O total das ensinanzas integrarase nun currículo único e terá unha duración mínima dun curso académico, cun máximo de 76 ECTS por curso.

#### Artigo 10. *Corpos comúns das Forzas Armadas.*

1. Con carácter xeral, o ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos comúns das Forzas Armadas comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica, para a adquisición da especialidade fundamental e técnica que complete a formación acreditada cos títulos exixidos para o ingreso. O total das ensinanzas integrarase nun currículo único e distribuirase nun máximo dun curso académico e 76 ECTS.

2. No caso do ingreso directo ou por promoción sen exixencia de titulación universitaria previa para o acceso á escala de oficiais do corpo militar de Sanidade, especialidade fundamental Medicina, o ensino de formación comprenderá os plans de estudos, correspondentes á formación militar xeral, específica, técnica e para a adquisición da especialidade fundamental, e o plan de estudos correspondente ao título universitario oficial de graduado en Medicina. O total do ensino integrarase nun currículo único e distribuirase nun máximo de seis cursos académicos e 456 ECTS. Neste caso, será, ademais, de aplicación o que se dispón nos números 3 e 4 do artigo 8 deste real decreto.

### Sección 3.<sup>a</sup> *Suboficiais*

#### Artigo 11. *Escalas de suboficiais.*

1. O ensino de formación para incorporarse ás escalas de suboficiais estruturarase, en función dos requisitos de titulación que se exixan para o ingreso, da seguinte forma:

a) *Corpos xerais e de Infantaría de Mariña:*

1.º Ingreso sen titulación previa de técnico superior: comprenderá os plans de estudos da formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental, e os plans de estudos correspondentes para a obtención dun título de técnico superior de formación profesional do sistema educativo xeral. O total do ensino integrarase nun currículo único e distribuirase nun mínimo de tres cursos académicos.

2.º Ingreso con titulación previa de técnico superior: comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental que, en función da procedencia e tendo en conta as titulacións e validacións que sexan de aplicación, se integrarán nun currículo único e se distribuirán ao longo dun só curso académico.

b) Corpo de músicas militares: comprenderá os plans de estudos correspondentes á formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental. O total do ensino integrarase nun currículo único e distribuirase ao longo dun curso académico.

2. Os títulos de técnico superior de formación profesional que se obteñan tras cursar as ensinanzas nos centros docentes militares de formación autorizados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, así como aqueles títulos que se poidan exixir para ingresar con titulación previa, proporcionarán parte das competencias requiridas para incorporarse ás escalas de suboficiais correspondentes.

3. Cando a duración do título de técnico superior sexa inferior ás 2.200 horas, o número máximo de horas lectivas do plan de estudos requirido para incorporarse ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, ingresando sen titulación previa de técnico superior, será de 3.000 horas. Cando o título de técnico superior exceda as 2.200 horas, o número máximo de horas lectivas será igual ao resultado de incrementar en 1.000 horas a duración do título que se curse. Cando se exixa titulación previa, non poderá superar as 1.200 horas.

#### *Sección 4.ª Tropa e mariñeiría*

##### *Artigo 12. Escalas de tropa e mariñeiría.*

1. O ensino de formación dos militares de tropa e mariñeiría requirirá superar un plan de estudos de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental, que terá unha duración non inferior a 16 semanas nin superior a 38.

2. O ensino de formación dos militares de tropa e mariñeiría lograrase mediante a adquisición das competencias profesionais necesarias, a través da formación modular. Con este ensino iniciarase a preparación encamiñada á obtención dun título de grao medio de formación profesional. Para conseguir esta última finalidade, parte da dita formación modular incluirá, polo menos, un módulo profesional completo dun título de grao medio de formación profesional. Tamén se poderá acadar o obxectivo marcado mediante a adquisición de competencias profesionais referidas a cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais e o seu recoñecemento posterior. Durante o seu tempo de servizo nas Forzas Armadas, garantiráselles o acceso á formación profesional cos procedementos e requisitos que se establezan e co obxectivo de posibilitarlles a obtención do título de grao medio, facilitando con iso a súa reinserción no mercado laboral ao finalizar o seu período de servizo.

3. Os plans de estudos de formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental terán unha duración comprendida entre as 560 e as 1.300 horas.

#### *Sección 5.ª Militares de complemento*

##### *Artigo 13. Militares de complemento.*

1. Para adscribirse ás diferentes escalas de oficiais como militar de complemento, o ensino comprenderá a formación militar xeral e específica, técnica e para a adquisición da especialidade fundamental que sexa necesaria.

2. Os currículos para adscribirse como militar de complemento terán unha duración comprendida entre os 6 e 9 meses. Cando sexa preciso impartir formación de voo, poderase ampliar ata 18 meses.

*Sección 6.ª Aspectos comúns*

Artigo 14. *Protección á maternidade, igualdade, violencia de xénero e conciliación da vida persoal, familiar e profesional.*

1. No ensino de formación non caberá ningunha discriminación por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, sexo, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2. Velarase pola aplicación dos criterios e normas relativos á igualdade efectiva de mulleres e homes, á prevención da violencia de xénero e do acoso, tanto sexual e por razón de sexo como profesional, así como de calquera atentado contra a liberdade sexual.

3. En todos os currículos do ensino de formación incluírase unha disciplina ou materia relacionada co xénero, a igualdade e a conciliación da vida profesional, persoal e familiar nas Forzas Armadas e reflectiranse os módulos, disciplinas e materias susceptibles de seren impartidas a distancia para as alumnas en situación de embarazo, parto ou posparto e para todos aqueles alumnos que non poidan desenvolver, por motivos xustificadas, o ensino de maneira presencial.

Artigo 15. *Distribución da carga de traballo.*

No ensino de formación de oficiais e de suboficiais, a carga de traballo que representa o deseño dos currículos correspondentes distribuirase conforme os criterios seguintes:

1. A duración máxima dos cursos académicos será de 41 semanas, incluídos os períodos lectivos, os destinados á avaliación, así como os dedicados á instrución e ao adestramento. Non se inclúe nesta duración o período, fóra do curso académico, correspondente á preparación e realización dos exames de segunda e cuarta convocatoria. A duración do primeiro curso poderase ampliar ata as 43 semanas, sempre e cando as adicionais se dediquen á instrución e ao adestramento.

2. Nas ensinanzas de oficiais, o número total de ECTS por curso académico non superará os 76 nin os 2,2 semanais.

3. A duración do ensino de suboficiais non superará as 1.200 horas por curso académico nin as 35 horas lectivas á semana.

4. O número de semanas destinadas á instrución e ao adestramento que deberán conter os plans de estudos de formación militar xeral, específica, técnica ou de especialidade fundamental, que permitan incorporarse ou adscribirse ás distintas escalas será:

a) Escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, cando para o ingreso:

1.º Non se precise requisito previo de titulación: un mínimo de 30 semanas no global dos plans de estudos, sen contabilizar neste número as dúas semanas correspondentes ao suposto de ampliación a que fai referencia o número 1.

2.º Se precise requisito previo de titulación: non será inferior a 16 semanas no global dos plans de estudos.

b) Escala de oficiais dos corpos de intendencia do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, non será inferior a 16 semanas no global dos plans de estudos cando a duración destes sexa de dous cursos académicos, nin inferior a 8 semanas cando a duración sexa dun só curso. Escalas de oficiais de enxeñeiros do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e dos corpos comúns das Forzas Armadas, non será inferior a 8 semanas, excepto para a escala de oficiais do corpo militar de Sanidade, especialidade fundamental de Medicina, cando se ingrese sen exigencia de titulación universitaria previa, aos cales se aplicará o previsto no número 4.a).1.º

c) Militares de complemento: non será inferior a 4 semanas por curso académico.

d) Escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña: non será inferior a 6 semanas por curso académico. Naqueles cursos en que se imparta o módulo de formación en centros de traballo correspondente ao título de formación profesional, non será de aplicación o límite inferior establecido e poderase fixar outra cantidade.

e) Escala de suboficiais do corpo de músicas militares: non será inferior a 8 semanas.

#### Artigo 16. *Aprobación dos currículos.*

1. Os perfís profesionais de egreso serán aprobados polo subsecretario de Defensa e polos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Os currículos serán elaborados polo subdirector xeral de Ensino Militar no caso dos corpos comúns, polo xefe do Mando de Adestramento e Doutrina do Exército de Terra, polo xefe de Persoal da Armada e polo xefe do Mando de Persoal do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, e deberáselles xuntar unha memoria xustificativa.

3. Os ditos currículos deberán ser remitidos á Dirección Xeral de Recrutamento e Ensino Militar, que comprobará que se axustan á normativa en vigor e realizará os trámites necesarios para a súa aprobación por parte da persoa titular do Ministerio de Defensa e a súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*, e que se encargará da súa posterior publicación na páxina web do Ministerio de Defensa.

4. A persoa titular do Ministerio de Defensa aprobará os citados currículos, que serán publicados no «Boletín Oficial del Estado».

5. As directrices xerais para o deseño e contido da elaboración dos currículos do ensino de formación deben ser desenvolvidas mediante unha orde ministerial.

#### Artigo 17. *Normas de progreso e de permanencia.*

Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Defensa determinaranse as normas de progreso e de permanencia nos centros docentes militares de formación que, no caso dos oficiais, incluírán as establecidas pola universidade correspondente en función da adscrición do centro, nas cales se disporán os prazos para superar os plans de estudos da formación militar xeral, específica, técnica e de especialidade fundamental, así como para obter as titulacións para o acceso ás diferentes escalas. Os ditos prazos poderanse establecer para a superación de cada curso académico e de todo o proceso de formación.

#### Artigo 18. *Consecuencias da superación dos plans de estudos.*

1. A superación dos plans de estudos do ensino de formación para incorporarse ou adscribirse ás diferentes escalas de oficiais e de suboficiais e a adxudicación dunha das prazas da provisión anual orixinará os seguintes efectos:

a) A adquisición da condición de militar de carreira ou de militar de complemento, se non a ten previamente.

b) A atribución do primeiro emprego da escala correspondente, excepto cando sexa a unha escala do mesmo nivel e de diferente corpo, caso en que se fará conservando o emprego e tempo de servizos na escala de orixe.

c) A adquisición dunha especialidade fundamental.

2. Ademais do indicado no punto anterior deste artigo, aqueles que, ingresando sen titulación previa, superen os plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de graduado ou, de ser o caso, de posgrao que se impartan no centro universitario da defensa ou os plans de estudo dos títulos de formación profesional de grao superior ou, de ser o caso, de cursos de especialización que se impartan nos núcleos de formación profesional dos centros docentes militares de formación de suboficiais, obterán o título oficial de graduado e, de ser o caso, posgrao, no caso dos oficiais, e o de técnico superior

e, de ser o caso, o correspondente ao curso de especialización, no caso dos suboficiais, de acordo coas ensinanzas recibidas.

Os títulos oficiais de graduado e os de técnico superior, así como aqueles de posgrao que se poidan impartir nos centros universitarios da defensa e cursos de especialización que se impartan nos núcleos de formación profesional dos centros docentes militares de formación de suboficiais, serán expedidos conforme a lexislación en vigor e producirán os efectos que esta dispoña para cada un.

3. No corpo de músicas militares, a obtención do primeiro emprego militar ao incorporarse á escala de suboficiais será equivalente ao título do sistema educativo xeral de técnico superior.

4. A condición de militar de tropa e mariñeiría adquirese ao obter o emprego de soldado ou mariñeiro concedido polo xefe de Estado Maior do exército correspondente, unha vez superado o período de formación establecido na convocatoria de probas selectivas para o acceso a tal condición e asinado o compromiso inicial regulado na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. A especialidade fundamental adquirese unha vez superada a totalidade da formación militar xeral, específica e de especialidade fundamental.

#### Artigo 19. *Sistemas de integración nunha única clasificación final.*

Para integrar nunha única clasificación final aqueles que de diversas procedencias se incorporen ou adscriban a unha escala no primeiro emprego, aplicaranse as seguintes regras:

1. Cando todos os que se integran na clasificación final, independentemente da súa procedencia, cursasen os mesmos plans de estudos, a integración efectuarase conforme a ordenación final obtida ao superar o ensino de formación, unha vez aplicados os criterios que determine a persoa titular do Ministerio de Defensa.

2. Cando os que teñan que integrarse non cursasen os mesmos plans de estudos, empregárase un sistema de tipificación das cualificacións con criterios obxectivos determinados pola persoa titular do Ministerio de Defensa e resolverase, en caso de igualdade, a favor do de maior idade.

#### Artigo 20. *Protección de datos.*

En canto á protección de datos de carácter persoal, no ensino de formación observárase o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### Artigo 21. *Réxime do alumnado, profesorado e centros docentes militares de formación.*

O réxime do alumnado, o do profesorado e a organización, funcións, réxime interior e programación dos centros docentes militares de formación deben ser regulados mediante unha orde ministerial específica para cada un deles.

#### Artigo 22. *Recoñecemento de créditos e validación de materias.*

1. Os aspirantes que ingresen noutro centro docente militar de formación, unha vez publicada a relación definitiva de aspirantes propostos para seren nomeados alumnos, poderán remitir, antes da data de presentación no novo centro, unha instancia coa solicitude de recoñecemento de créditos ou validación de materias.

2. Unha vez analizada a solicitude polo centro docente e aprobado o recoñecemento de créditos ou a validación de materias, o centro marcaralle a nova data de presentación nel, e ata esa data quedará na mesma situación e destino anterior.

3. Os contidos dos plans de estudos da formación militar xeral, específica e para a adquisición da especialidade fundamental para incorporarse ás escalas de suboficiais deberán satisfacer, para os efectos de recoñecemento de créditos, a conexión cos seus homólogos da formación para a incorporación á escala de oficiais.

4. Nos currículos do ensino de formación para incorporarse ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña incluíranse os módulos, disciplinas e materias que non formen parte do título de grao e que lle poderán ser recoñecidas ao persoal vinculado profesionalmente ás Forzas Armadas en función da súa procedencia e por solicitude dos interesados.

Artigo 23. *Estudos en centros docentes doutros países ou en programas internacionais.*

1. O alumnado estranxeiro que curse estudos en centros docentes militares españois, como norma xeral, manterá o réxime disposto para o alumnado español do mesmo curso, mentres non se opoña ao que indique o estatuto ou acordo que, para cada un deles e para cada curso académico, se establecese.

2. O alumnado español que curse estudos en centros docentes militares estranxeiros, ou participe en programas internacionais, como norma xeral manterá o réxime disposto para o alumnado estranxeiro do mesmo curso, mentres non se opoña ao que indique o estatuto ou acordo que, para cada un deles e para cada curso académico, se establecese.

3. Potenciaranse os intercambios con centros docentes militares estranxeiros, en especial con institucións da Unión Europea dentro da iniciativa europea para o intercambio de mozos/mozas oficiais, inspirada no Plan de acción da Comunidade Europea para a mobilidade de estudantes universitarios (Erasmus). Para facilitar estes intercambios poderanse flexibilizar os plans de estudos elaborando programas adaptados para o alumnado que tome parte neles.

Artigo 24. *Ensino virtual.*

1. Para facilitar e apoiar o ensino de formación utilizarase o Campus Virtual Corporativo do Ministerio de Defensa (CVCDEF), creado como sistema corporativo común para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe nun contorno virtual.

2. Tanto o número de ECTS como o de horas da carga de traballo no CVCDEF terán a mesma consideración que as realizadas de forma presencial.

3. Terase en conta o relacionado no artigo 14.3 deste regulamento para as alumnas en situación de embarazo, parto ou posparto e para todos aqueles alumnos que non poidan desenvolver, por motivos xustificadas, o ensino de maneira presencial.

Artigo 25. *Baixa no centro docente militar de formación.*

1. As causas polas cales os alumnos poden causar baixa no centro docente militar de formación e, de ser o caso, o resarcimento económico ao Estado, deben ser desenvolvidas mediante orde ministerial.

2. Cando os permisos ou licenzas por enfermidade supoñan a perda dun ou de máis cursos académicos, non computarán dentro dos límites establecidos para a superación dos plans de estudos. Cando tales permisos ou licenzas sexan por causa de acto de servizo, os ditos límites veranse incrementados nun número igual ao dos cursos perdidos.

Así mesmo, e unha vez que o alumno se encontre de alta médica, estudarase a necesidade de elaborar un plan de matrícula adaptado ás circunstancias que concorran nel.

Artigo 26. *Avaliación.*

O sistema de ensino de formación de oficiais, suboficiais e tropa e mariñeira estará suxeito a un proceso continuado de avaliación que incluírá a avaliación dos centros docentes militares, a da actividade docente do profesorado involucrado na impartición dos plans de estudos e a específica deles, co fin de detectar as súas áreas de mellora e, en consecuencia, adoptar as medidas correctoras que garantan un ensino de calidade que asegure a consecución das capacidades necesarias para o posterior exercicio profesional do militar.